



A Corporación do Concello de Tui, integrada polos Grupos Municipais do Partido Popular, Alternativa Tudense, PSdeG-PSOE, Bloque Nacionalista Galego e Convergencia XXI, diante dos acontecementos que se están a producir en relación ao mercadillo dos xoves, a pretensión de celebrar un segundo día de mercadillo nesta localidade e o abandono dos seus fogares por un grupo de vecinos de Tui da etnia xitanos zamoranos, mediante o presente vimos a amosar:






1º. A recén aprobada Ordenanza Municipal de Mercado recolle que no Concello de Tui, celebrarase un mercadillo semanal tódolos xoves incluídos os festivos, non contemplando ningún outro día. Ante o cal esiximos a paralización de calquera medida de presión sobre os feirantes con autorización de posto de venda.

2º polo que atinxe á marcha dos veciños/as de Tui da etnia "xitanos zamoranos", esiximos a súa inmediata volta, o regreso dos seus fillos/as aos colexios nos que estaban escolarizados, en condición que se garanta a súa seguridade e a de todos os veciños/as de Tui, para o cal instamos aos poderes públicos a que se leven a cabo cantas actuación sexan necesarias para garantir a convivencia pacífica de todos os veciños/as, como así ven ocorrendo dende sempre no Concello de Tui. Así mesmo a Corporación amosa o seu apoio á denuncia presentada e solicitamos á Fiscalía que investigue os feitos.

3º. O Alcalde de Tui desminte que mantivese calquera tipo de reunión con ningún colectivo ou representante sobor dos puntos antes tratados, e que a súa única acción neste ámbito, estará dirixida a que se garantan os dereitos fundamentais e liberdades públicas de todos os cidadáns co fin de restablecer a concordia entre todos, así coma que se cumpla escrupulosamente a normativa vixente.

4º. Así mesmo a Corporación do Concello de Tui amosa a súa solidariedade e apoio á calquer concelleiro no desempeño do seu cometido, orientado este a que por todos se respecte a Ordenanza Municipal de Mercado, non contemplando ningunha modificación da mesma neste mandato

Asinado polos membros da Corporación do Concello de Tui, a vinte e sete de novembro de dous mil catorce.

H.T. e22 B.M.G.
  
 PP  PSdeG-PSOE